



FARMACOVIXILANCIA: SABES QUE É?

Ás veces, os medicamentos producen efectos adversos que deben ser avaliados

A farmacovixilancia é unha actividade de saúde pública que:

Identifica
Cuantifica
Avalía
Prevén

Os efectos adversos asociados ao uso dos medicamentos que xa están comercializados

Efecto adverso

Tamén se coñece como reacción adversa ao medicamento ou efectos secundarios.

Fai clic aquí para ir á infografía onde che falamos dos efectos adversos.

Que podo notificar?

É importante que notifiques todas as **sospeitas de efectos adversos** a un medicamento, especialmente:

- Se non está descrito no prospecto do medicamento.
- Se é grave, aínda que a reacción sexa coñecida.
- Se ocorreu en poboacións máis vulnerables, como por exemplo nos nenos e nenas.
- Se ten un triángulo negro ▼ no prospecto: medicamentos novos ou en seguimento adicional da súa seguridade.

É importante a miña notificación?

Todas as notificacións **son importantes**. Estes datos **avalíanse**, xunto con outros casos similares que se notificaron, e tamén xunto coa información que se recolle dos estudos clínicos e doutras fontes, coa finalidade de **coñecer mellor os riscos** que o medicamento poida ocasionar.

COMO SE NOTIFICA?

A través do **formulario electrónico** de notificación dispoñible en:

<https://www.notificaRAM.es>



Axudámosche!

SEGUINTE →

Bibliografía:

- Información para as notificacións de sospeitas de reaccións adversas a medicamentos por parte da cidadanía. AEMPS. Última actualización 15/01/2013. Consultado o 01/03/2022.

Atribucións imaxes:

As imaxes incluídas pertencen a recursos de Genially (R).

Última revisión: Abril/2022. Nº 14

Editado en Madrid pola Sociedade Española de Farmacéuticos de Atención Primaria (SEFAP)
ISSN 2952-173

Para consultas ou información sobre conflitos de intereses:
pacientes@sefap.org

Autores (por orde alfabética de apelido): B. Benítez García (GPC, SEFAP), A. Gil Valiño (GPC, SEFAP), J. M. González de la Peña Puerta (GPC, SEFAP)
Revisión interna: A. I. Villimar Rodríguez (GPC, SEFAP)
Revisión externa: AEMPS. División de Farmacoepidemioloxía e Farmacovixilancia
Traducción galego: A. Gil Valiño (SEFAP)
Validación da tradución ao galego: I. Pardo Ponte (SEFAP)





FARMACOVIXILANCIA: APRENDE A NOTIFICAR SE SOSPEITAS QUE TES UN EFECTO ADVERSO AOS TEUS MEDICAMENTOS!



É importante que informes sobre os efectos adversos aos medicamentos para contribuir ao seu uso seguro.

Fai clic nas iconas para obter máis información.

2 Como notificar?

Cubre todos os campos do formulario electrónico



Ten á man a medicación que cres que puido dar lugar á reacción mentres cobres este formulario electrónico.

- Indica o **efecto adverso ocorrido**.
- Indica o **nome do medicamento** ou doutros produtos dos que sospeitas que poderían causar o efecto adverso.
- Non esquezas **indicar as datas de inicio e final** do efecto adverso e a data da toma do medicamento.
- Indica **outros medicamentos** utilizados nos últimos tres meses antes de que se producise o efecto adverso.
- Inclúe a **información da persoa que tivo o efecto adverso** (nome, sexo o idade).
- Inclúe o **teu nome, os teus datos de contacto e o teu enderezo de correo electrónico**, que servirá para enviarche a notificación de recepción.

Onde se pode notificar?

<https://www.notificaRAM.es>

- 1 Selecciona, en primeiro lugar, a túa **comunidad autónoma**



É segura a miña notificación?



Si, os datos trátanse de modo **confidencial**

↩ VOLVER

A información recibida recóllese e analízase na base de datos de **farmacovixilancia de reaccións adversas (FEDRA)**.

Axuda a

Coñecer novas reaccións adversas

Axuda a un mellor **coñecemento da seguridade do medicamento**



Bibliografía:
- Información para as notificacións de sospeitas de reaccións adversas a medicamentos por parte da cidadanía. AEMPS. Última actualización 15/01/2013. Consultado o 01/03/2022.

Atribucións imaxes:
As imaxes incluídas pertencen a recursos de Genially (R).

Última revisión: Abril/2022. Nº 14
Editado en Madrid pola Sociedade Española de Farmacéuticos de Atención Primaria (SEFAP)
ISSN 2952-173

Para consultas ou información sobre conflitos de intereses:
pacientes@sefap.org

Autores (por orde alfabética de apelido): B. Benítez García (GPC, SEFAP), A. Gil Valiño (GPC, SEFAP), J. M. González de la Peña Puerta (GPC, SEFAP)
Revisión interna: A. I. Villimar Rodríguez (GPC, SEFAP)
Revisión externa: AEMPS. División de Farmacoepidemioloxía e Farmacovixilancia
Traducción galego: A. Gil Valiño (SEFAP)
Validación da tradución ao galego: I. Pardo Ponte (SEFAP)

